Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE MAIO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

*ALCALDE:*
Don José Luís Camiñas Vázquez

*CONCELLEIROS/AS:*
Don Alberte Lamazares Casero
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

*SECRETARIO:*
Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a oito de maio de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

## *1.- ACTA ANTERIOR*

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 4 de maio de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

## *2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS*

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 25 de abril de 2024 (RE núm. 622), coas seguintes características:

<u>DATOS DO SOLICITANTE</u>

| | |
|---|---|
| ORGANISMO | XUNTA DE GALICIA – AXENCIA TURISMO DE GALICIA |
| CIF | [redacted] |

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

| | |
|---|---|
| SEDE | SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) |

DATOS DA OBRA

| | |
|---|---|
| OBXECTO | FOMENTO DA MOBILIDADE E MELLORA DA ACCESIBILIDADE AOS RECURSOS TURÍSTICOS AO LONGO DO CAMIÑO DE SANTIAGO (CAMIÑO DE INVERNO) |
| LUGARES E PARROQUIAS | SAN XOÁN DE CAMBA (CAMBA)<br>A ERMIDA (CAMBA)<br>A FEIRA (RÍO)<br>MOURIZ (RÍO)<br>RODEIRO (RODEIRO)<br>PENERBOSA (NEGRELOS)<br>A PUZA (NEGRELOS)<br>A PENELA (PEDROSO) |
| CLASIFICACIÓNS SOLOS PXOM | SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA<br>SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS<br>SOLO DE NÚCLEO RURAL<br>SOLO URBANO<br>SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL |
| RFª. CATASTRAL DAS PARCELAS | 36047A070090020000PH<br>36047A070090030000PW<br>36047A071090010000PX<br>36047A070090040000PA<br>36047A070090150000PF<br>36047A084090060000PP<br>36047A084090070000PL<br>36047A084090050000PQ<br>36047A083090010000PL<br>36047A082090020000PD<br>36047A076090120000PI<br>36047A057090010000PJ<br>36047A057090020000PE |
| DOCUMENTO TÉCNICO | SI (Separata do Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños canais e portos Don José P. Gosende Tuñas, de data 16/04/24) |
| ORZAMENTO DE EXECUCIÓN | 18.270,09 € |
| PRAZO DE EXECUCIÓN | SEIS (6) MESES |
| INFORME URBANÍSTICO | SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 05/05/26) |

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- As obras queda suxeitas ao cumprimento dos condicionantes establecidos polos seguintes informes e/ou autorizacións emitidas por organismos con competencias de carácter sectorial:

- Comunicación de declaración responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía, emitida pola Zona Hidrográfica de Galicia Centro de Augas de Galicia en data 19/06/24 (Clave [redacted]).
- Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 09/09/24 (Expediente [redacted]).
- Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra de data 11/04/25 (Expediente [redacted]).

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de TRESCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (365,40 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmoble, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

## *3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE*

— Roxiño S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 31 de agosto de 2023 (RE-E núm. 499), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

| | |
|---|---|
| DENOMINACIÓN SOCIAL | ROXIÑO S.C. |
| CIF | [redacted] |
| DOMICILIO SOCIAL | LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO |
| REPRESENTANTE | XANDRA GARCÍA HERMIDA |
| DNI | [redacted] |

DATOS DA ACTIVIDADE

| | |
|---|---|
| ACTIVIDADE | EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DESTINADA A ENGORDE DE POLOS |
| REFERENCIA CATASTRAL PARCELA | 36047A081002040000PW |
| LUGAR | A VILA |
| PARROQUIA | RODEIRO |
| LICENZA URBANÍSTICA | SI (ACORDO XGL DE DATA 11/12/20) |
| TRÁMITE AMBIENTAL | SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATA 09/06/20 – EXPTE. NÚM [redacted]) |
| REGA | [redacted] |
| CAPACIDADE MÁXIMA AUTORIZADA | 33.433 POLOS |

CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra asinada pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro en data 31/08/23 (visado colexial núm. [redacted]), e Anexo de data 02/11/23.
- Acta de comprobación favorable de data 06/05/26.

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

## *4.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL*

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da conveniencia para o interese público de acordar a adhesión ao convenio de colaboración entre Xunta, AMTEGA e FEGAMP para o desenvolvemento dunha administración dixital. Este convenio, con vixencia ata o 31 de decembro de 2028, dá continuidade ao anterior e nel establécense as condicións que rexerán o acceso ás solucións tecnolóxicas, sistemas e infraestruturas que a Xunta pon a disposición das entidades locais no *"Catálogo de servizos do convenio"*. Para poder acceder a estes servizos, así como para continuar dispoñendo dos que xa temos habilitados, faise necesario asinar o acordo de adhesión a este novo convenio.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula terceira de dito Convenio, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A adhesión do Concello de Rodeiro ao Convenio de colaboración, asinado o día 13 de novembro de 2025, entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital.

Segundo.- O Concello adhírese expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado e asume as obrigas derivadas do mesmo, con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para as entidades locais.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o protocolo de adhesión e cantos outros resulten precisos para a efectividade do acordado.

*5.- APROBACIÓN DAS BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "TERRAS DE CAMBA II"*

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 22 de decembro de 2025, solicitouse á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha subvención económica, por importe total de CATROCENTOS CORENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS SETENTA E SEIS EUROS (445.576,00 €), para a realización do obradoiro dual de emprego denominado *"Terras de Camba II"*, conxuntamente cos concellos de Dozón e Agolada, ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (DOG núm. 228, do 25/11/25).

2º.- Por resolución de data 17/04/26 do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en Vigo, aprobouse a concesión da subvención solicitada, desagregada en dúas anualidades: 2026 (340.914,00 €) e 2027 (113.638,00 €) – Expediente núm. [redacted].

3º.- O obradoiro ten unha duración de nove (9) meses, con data prevista de inicio do 01/06/26, e contará con dez (10) alumnos/as-traballadores/as para cadansúas especialidades de albanelería e forestal.

4º.- O módulo A, correspondente aos gastos salariais e de Seguridade Social do persoal formador, directivo e de apoio, dispón dunha consignación total por importe de 129.312,00 €.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 11º da Orde de convocatoria da subvención establecen os requisitos mínimos e o procedemento de selección do persoal formador, directivo e de apoio, debendo adaptarse as Bases a aprobar a ditas esixencias.

Segundo.- Este Concello opta por empregar para a selección do persoal a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego polo que, na aplicación do disposto no artigo 11º.5 da Orde de convocatoria *"corresponderalle á entidade promotora determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, establecer os baremos e, se e o caso, as probas que poidan aplicarse, así como elaborar as convocatorias ou preparar as ofertas de emprego que se tramitarán á oficina de emprego, se procede. As ditas ofertas de emprego serán publicadas no Portal de emprego de Galicia"*.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

## ACORDO

Primeiro.- Aprobar as bases do proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego *"Terras de Camba II"*, co contigo íntegro que se consigna no anexo I á acta da presente sesión.

Segundo.- Realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo determinados nas bases.

Terceiro.- As bases reguladoras do proceso de selección serán expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello.

CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

*6.- APROBACIÓN DAS BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "TERRAS DE CAMBA II"*

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 22 de decembro de 2025, solicitouse á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha subvención económica, por importe total de CATROCENTOS CORENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS SETENTA E SEIS EUROS (445.576,00 €), para a realización do obradoiro dual de emprego denominado *"Terras de Camba II"*, conxuntamente cos concellos de Dozón e Agolada, ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (DOG núm. 228, do 25/11/25).

2º.- Por resolución de data 17/04/26 do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en Vigo, aprobouse a concesión da subvención solicitada, desagregada en dúas anualidades: 2026 (340.914,00 €) e 2027 (113.638,00 €) – Expediente núm. [redacted].

3º.- O obradoiro ten unha duración de nove (9) meses, con data prevista de inicio do 01/06/26, e contará con dez (10) alumnos/as-traballadores/as para cadansúas especialidades de albanelería e forestal.

4º.- A contía da subvención para gastos salariais de alumnos/as-traballadores/as participantes ten un importe de 288.664,00 €.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 10º da Orde de convocatoria da subvención establecen os requisitos mínimos e o procedemento de selección do alumnado-traballador, debendo adaptarse as Bases a aprobar a ditas esixencias.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Segundo.- A selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego pola correspondente oficina de emprego.

Terceiro.- A entidade promotora realizará a selección de entre a relación de persoas desempregadas remitidas pola oficina de emprego que deberá conter, sempre que sexa posible, tres persoas candidatas por posto.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar as bases do proceso de selección do alumnado-traballador participantes no obradoiro dual de emprego *“Terras de Camba II”*, co contigo íntegro que se consigna no anexo II á acta da presente sesión.

Segundo.- Realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a preselección dos/as candidatos/as ás prazas determinadas nas bases.

Terceiro.- As bases reguladoras do proceso de selección serán expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello.

## *7.- DESIGNACIÓN DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DOS PROCESOS DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO E DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “TERRAS DE CAMBA II”*

De conformidade co disposto na Base décimo sexta das bases do proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio e na Base décimo segunda das bases do proceso de selección do alumnado-traballador apoio do obradoiro dual de emprego *“Terras de Camba II”*, aprobadas na presente sesión, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adóptase o seguinte ACORDO:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Designar como membros das Comisións de selección do proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio, así como do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego *"Terras de Camba II"*, ás seguintes persoas:

| | |
|---|---|
| PRESIDENTE | José Carballo Suárez, administrativo-encargado do Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares" do Concello de Rodeiro |
| VOGAL | Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar do Concello de Rodeiro |
| VOGAL | Nicolás Pérez Iglesias, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Agolada |
| VOGAL | Vanessa Hermida Fernández, auxiliar administrativa do Concello de Dozón |
| SECRETARIO | Jorge Sánchez Carballal, administrativo do Concello de Agolada |

## *8.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE MATERIAS E CONDICIÓNS DE TRABALLO COMÚNS AO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO*

De conformidade co establecido no artigo 35.3, en relación co artigo 36.3, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acórdase por unanimidade designar ás seguintes persoas como representantes municipais na Mesa Xeral de Negociación de materias e condicións de traballo comúns ao persoal funcionario e laboral do Concello:

| | |
|---|---|
| José Luís Camiñas Vázquez | Alcalde |
| Alberte Lamazares Casero | Tenente de alcalde e concelleiro-delegado de Economía, Educación, Deportes, Xuventude e Sector Primario |
| Begoña Vázquez López | Concelleira-Delegada de Urbanismo, Traballo e Servizos Sociais |

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

## *9.- APROBACIÓN DAS BASES DO "II CONCURSO DE CAMBURGER – III SABOR LABREGO"*

Os obxectivos principais da iniciativa responden á promoción da gastronomía local e dos produtos locais, á dinamización do sector hostaleiro local e á promoción turística e comercial do Concello.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases do *"II concurso de camburguer – III Sabor Labrego"*, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar o correspondente gasto, por importe máximo de MIL CINCOCENTOS EUROS (1.500,00 €), imputable á partida presupostaria 330/226 do orzamento en vigor.

<u>ANEXO</u>

BASES DO "II CONCURSO DE CAMBURGUER – III SABOR LABREGO"

Ponse en marcha o II Concurso de Camburguer de Rodeiro, organizado pola Concellaría de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade do Concello de Rodeiro.

1. OBXECTIVOS

1.1 Dar a coñecer o potencial gastronómico do pobo de Rodeiro a través da promoción de produtos locais de recoñecida calidade, neste caso, tenreira galega suprema, a carne de vaca, e outros produtos de cercanía, queixos, verduras…etc.

1.2 Impulsar o sector hostaleiro local e o sector produtivo primario.

1.3 Consolidar esta iniciativa facer dela unha ferramenta de promoción turística, comercial e de desenvolvemento.

1.4 Convertir Rodeiro en Destino turístico pola gastronomía, a paisaxe e a Historia.

2. O CONCURSO E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

2.1 Nesta iniciativa participan aqueles bares e restaurantes do Concello de Rodeiro que así o desexen. O éxito dependerá, en gran medida, da presentación, elaboración, servizo e creatividade da tapa que cada hostaleiro/a presente. Deberán ter presente que o seu esforzo será recompensado coa mellora da imaxe do seu colectivo e o incentivo que supón a idea de chegar a un maior número de clientes.

2.2 O prazo para a inscrición levouse a cabo entre os días 11 e 26 de abril de 2026.

2.3 Mantivéronse distintas reunións cos hostaleiros locais e chegouse á conclusión de ter un concurso de mini hamburguesas no que se terá en conta os tres seguintes parámetros:

1° O prezo fixarase entre 4 a 7 euros.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

2° O diámetro de hamburguesa e do pan debe ser de entre 5 a 8 centímetros.

3° O peso da carne estará entre os 50 e 80 gramos.

2.4 Os días 24, 25 e b26 de abril realizáronse as fotografías nos locais participantes e recolleuse a información que figurará nos carteis promocionais e que se publicará nas redes sociais.

2.5 Cada establecemento presenta ao concurso unha soa mini hamburguesa.

3. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

As datas que se propoñen para o desenvolvemento do concurso serán as seguintes: 8, 9, 10, 15, 16 e 17 de maio, dentro da programación do III Sabor Labrego. Todas as mini hamburguesas serán realizadas aproveitando, na medida do posible, os fantásticos produtos do concello. Coincidindo coas datas de realización do concurso o Concello de Rodeiro promoverá a realización de eventos relacionados coa cultura e o patrimonio co fin de vincular a distintos sectores da vida municipal no obxectivo de impulsar as potencialidades do noso pobo.

3.1 Nesta edición non haberá xurado profesional.

3.2 Os establecementos comprométense a ter á disposición do público, e en cantidade suficiente, a hamburguesa coa que participan durante os días de duración do evento e servirán as hamburguesas cada un nun horario que será publicitado con cartelería no seu local e tamén nas redes sociais. Preténdese, con isto, que cada establecemento poda adaptar os horarios ás súas necesidades laborais e persoais. Calquera cambio deben notificalo á organización.

3.3 Os establecementos deberán colocar nun lugar visible o material promocional e corporativo do concurso, a enumeración dos locais participantes, un cartel publicitario, unha furna e uns tacos de votación para que o público poida valorar a proposta feita por cada local.

3.4 Ademais, os establecementos participantes deberán:

a) Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visible na súa oferta a hamburguesa coa que participan no concurso.

b) Dar un informe final sobre o número de hamburguesas servidas e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de mellorar as futuras edicións do mesmo.

4. A MINI HAMBURGUESA

4.1 As mini hamburguesas deberán empregar como ingrediente principal CARNE DE TENREIRA GALEGA SUPREMA OU CARNE DE VACA, e outros produtos de calidade da nosa terra, tratando a preparación de maneira tradicional ou ofrecendo unha cociña de novas tendencias pero mantendo as materias primas e o espírito da nosa gastronomía.

Na súa valoración terán especial consideración:

• A calidade/prezo

• A presentación

• O sabor

Ademais na hamburguesa que sexa elaborada con produtos procedentes da produción local valorarase especialmente a promoción e a innovación que se consiga a través da conxunción do sector produtivo primario e a hostalería, xa que logo entre os obxectivos do programa está poñer en valor o produto local de calidade e promocionalo.

4. PARTICIPANTES

4.1 Concursan os establecementos de hostalería radicados dentro do termo municipal. Para os establecementos participantes crearáselle, de solicitalo, unha conta na web que permita a localización do seu negocio en Google Maps

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

e un enlace á páxina web da iniciativa en Facebook, sen custe para eles. Neste sentido, aproveitarase a infraestrutura existente das edicións pasadas, soamente para os interesados que desexen continuar participando.

Os establecementos participantes nesta II edición do CAMBURGUER son os seguintes:

1. Casa Sánchez

2. Casa Achacán

3. Pub Quirós

4. Bar Centro

5. Bar Desito

6. Bruxas e Coruxas

7. Bar Gallecia

8. O Recanto

9. A Esmorga

5. PREMIOS

5.1 Nesta edición establécese unha única categoría de premios: o premio do público.

5.2 Modelos de cupóns de valoración do público. O premio do público determinarase polo coeficiente resultante de dividir o número total de puntos obtidos nas votacións entre as papeletas depositadas na urna. A mellor mini hamburguesa será a que maior coeficiente acade como resultado desa división, determinando así a 1ª, 2ª e 3ª mellor mini hamburguesa, sendo necesario contabilizar un mínimo de 40 cupóns do público.

5.3 PREMIOS DO PUBLICO:

Papeletas de votación: Cada establecemento terá un talonario. As papeletas terán que estar cubertas polo cliente cumprimentando todos os datos, de non ser así a papeleta non será contabilizada. Nela poderán valorar a tapa do 1 ó 5, en 3 parámetros (Calidade/Prezo, Presentación e Sabor) e será depositada na urna. Poderán utilizar unha papeleta por tapa consumida. Cada papeleta debe ser depositada no local no que se consumiu a tapa, non se admiten como válidas as papeletas depositadas nunha urna distinta á do local no que se consumiu a tapa obxecto de valoración.

Os premios para os establecementos ganadores serán uns diplomas acreditativos aos tres primeiros.

Entre todas as papeletas, o público poderá optar mediante sorteo de distintos lotes de produtos de alimentación.

A data de entrega de premios aos establecementos gañadores e o sorteo dos gañadores entre o público participante realizarase nun acto conxunto e programado en coordinación cos negocios participantes.

6. PUBLICIDADE

6.1 Con esta II edición de Camburguer de Rodeiro temos una magnífica oportunidade para dar a coñecer os produtos locais e incentivar a visita ao Concello, contribuíndo deste xeito a dinamización económica e social.

6.2 A organización equipará a cada establecemento con carteis A3 con a publicidade do evento, cupóns de votación para os seus clientes e urnas de cartón para o seu depósito. Traballarase cos perfiles en redes sociais coa información detallada do evento (participantes, premios, tapas, localización, etc). Tamén faremos promoción do evento a través de diferentes medios de comunicación.

MODELO DE TALÓN DE VOTACIÓN


CamBurguer

DATOS DO VOTANTE (OBRIGATORIO)

Nome e apelidos

Teléfono

Nome do local

Puntuación (do 1 ao 5)

Calidade/prezo Presentación Sabor

*Só terán validez aqueles votos que teñan cumprimentados todos os datos persoais que se requiren ó votante, que só poderá exercer un voto por local cunha única puntuación sinalada. Todos os votantes que non cumpran estas condicións quedarán invalidados de cara o concurso.

@rodeiro_gastronomico

## *10.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE*

VISTA a solicitude presentada por Dona María Elena Diéguez Otero (RE núm. 569, do 05/05/26), e a proposta de resolución emitida con data 06/05/26 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MARÍA ELENA DIÉGUEZ OTERO, con DNI núm. [redacted] veciña do lugar de Faílde, parroquia do Salto de Agoela.

## *11.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)*

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Luisa Ferreiro Blanco, traballadora laboral fixa do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal, derivada de enfermidade común, con data 6 de febreiro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ ESMILCE CAROLINA FERNÁNDEZ MORA, con DNI núm. [redacted], a tempo completo (37,5 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora María Luisa Ferreiro Blanco.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## *12.- FACTURAS E PAGOS*

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

(*As seguintes facturas corresponden integramente ao Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 1/2026, aprobado polo Pleno do Concello na sesión de data 4 de maio de 2026, e son imputables ao orzamento prorrogado do exercicio de 2026*)

- CONCELLO DE LALÍN 77,20 €

  Por achega ao Convenio de colaboración para o servizo de Centro de Información ás Mulleres (CIM) no exercicio 2022/2023, s/cargo.

- MAIS ESCOLA S.L. 450,00 €

  Por servizo de reforzo puntual do persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 05 (FACe).

- GEMAGAR GALICIA S.L. 350,90 €

  Por desenvolvemento de obradoiro de Nadal, s/factura núm. 2025/0000025 (FACe).

- ARLIT DISEÑO E IMPRESIÓN S.L. 169,40 €

  Por confección de entradas numeradas para a Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 1/721 (FACe).

- MERCAHILBE S.L. 24,45 €

  Por subministro de diverso material para o programa municipal *"Rodeiro Activo"*, s/factura núm. 10000003.

- AMADEO GONZÁLEZ CUÑARRO 141,01 €

  Por subministro de diverso material para o programa municipal *"Rodeiro Activo"*, s/factura núm. A/2501446.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- IRMA LÓPEZ LOSADA 11,35 €

  Por subministro de produtos farmacéuticos para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 0-0000271/1.

- IRMA LÓPEZ LOSADA 2.440,35 €

  Por subministro de cestas de agasallo para os/as nenos/as nacidos/as no municipio no ano 2025, s/factura núm. 0-0000273/2 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 04/05/26*.

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 453,38 €

  Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeado público do Concello, s/factura núm. 88/25.

- FELIPE LÓPEZ CORRAL 2.807,20 €

  Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeado público do Concello, s/factura núm. 913.

- TECNOR LALÍN MAQUINARIA 386,91 €

  Por diversos traballos de reparación de vehículos municipais, s/facturas núm. 2025/20 e 2025/21 (FACe).

- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 123,54 €

  Por subministro de repostos para vehículos municipais, s/facturas núm. A/36 e A/243.

- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 476,91 €

  Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. A/218.

- PABLO GARCÍA PAIS 218,41 €

  Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. 2025-0306.

- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 665,50 €

  Por traballos de retirada de madeira nas pontes dos ríos por mor dos temporais, s/factura núm. 1/2026.

CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L  3.158,10 €

  Por traballos realizados no campo da feira de Río e na praza da Fonte de Rodeiro, s/factura núm. 2026/4 (FACe).

- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L  3.297,25 €

  Por traballos realizados no lugar do Couto, s/factura núm. 2026/2 (FACe).

- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO  1.270,50 €

  Por transporte de materias de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 8/2025.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

| O secretario, | O alcalde, |
| --- | --- |
| *(sinatura dixital)* | *(sinatura dixital)* |

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

ANEXO I

**BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "TERRAS DE CAMBA II ".**

**Primeira.- OBXECTO.**
Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 11º da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para **os obradoiros duais de emprego da** Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 228, do 25.11.2025), e nas Instrucións en relación co procedemento de selección da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego (17.04.2026), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos que serán contratados como persoal do citado proxecto, promovido polo concello de Rodeiro e subvencionado pola antedita consellería (código do procedemento TR353A).

**AS PRAZAS que se convocan son catro (4):**

| | |
|---|---|
| **DIRECCIÓN** | Xornada completa |
| **TITORÍA** | Xornada completa |
| EXPERTO/A DOCENTE en **FORESTAL.**<br>***Que inclúe*** *os certificados de profesionalidade de:*<br>*- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)*<br>*- Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas (AGAR0208)* | Xornada completa |
| EXPERTO/A DOCENTE en **ALBANELERÍA.**<br>***Que inclúe*** *os certificados de profesionalidade de:*<br>*- Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (EOCB0109)*<br>*- Operacións auxiliares de albaneleria de fábricas e cubertas (EOCB0208)* | Xornada completa |

**Unha vez iniciado o proxecto, con carácter xeral, poderase contratar o persoal docente para a formación complementaria** (*Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero; Formación para a igualdade; Inserción laboral: técnicas de busca de emprego; Alfabetización Informática; Básico de prevención de riscos laborais*).
Todos os docentes de materias complementarias estarán suxeitos ao disposto nas presentes bases, coas excepcións previstas.

**Segunda.- FUNCIÓNS DOS POSTOS DE TRABALLO.**
As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

**- DIRECCIÓN:**

a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.

b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo.

c) Planificación e seguimento do proxecto.

d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.

e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade, normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

f) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.

g) Poderá ocuparse do desenvolvemento e docencia de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto

h) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.

i) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas, impoñendo as sancións oportunas.

k) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.

- **TITORÍA**:

a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.

b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.

c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.

d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.

e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.

f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas, en coordinación coa Dirección.

g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.

h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción de profesionalización.

i) Poderá ocuparse do desenvolvemento e docencia de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

k) Colaborar na xestión administrativa do Obradoiro de emprego baixo a supervisión da Dirección na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.

- **EXPERTOS DOCENTES**:

a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.

b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.

c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.

d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org



produzan á dirección do proxecto.
e) Responsabilizaranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e docencia de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

**Terceira.- CONTRATACIÓN DOS PARTICIPANTES**
O Concello de Rodeiro formalizará, por escrito no modelo oficial correspondente, os contratos do persoal do proxecto que fose seleccionado e figure como tal nas actas de selección (art.11.7 da Orde de convocatoria).

- MODALIDADE CONTRACTUAL: contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de *contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral (405), ou calquera outro que a Orde de convocatoria estableza ou se adecúe á súa consideración como gasto elixible do proxecto.*
- DURACIÓN: 9 meses (o tempo de desenvolvemento do proxecto).
- Retribucións brutas mensuais incluído o prorrateo de pagas extra:
  - Dirección (2.750,00 €)
  - Titoría (2.500,00 €)
  - Dous (2) experto/a docente a xornada completa (2.500,00 €)

**Cuarta.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**
Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) <u>REQUISITOS XERAIS</u>.
1. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se opta e non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto.
3. Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
4.Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.
5. Coñecemento da normativa que regula o programa de obradoiros de emprego.

b) <u>REQUISITOS MÍNIMOS</u>: os previstos *nos **Anexo I*** a estas bases.
**A posesión destes requisitos condicionarán a admisión dos candidatos ao proceso selectivo.** Os aspirantes deberán posuír os requisitos (xerais e mínimos) ou estar en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

**Pasarán ás fases de entrevista persoal e a de valoración de méritos, unicamente, os aspirantes que reúnan os requisitos para cada posto.**

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

**Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS: OFERTA DE EMPREGO CON DIFUSIÓN PÚBLICA NO PORTAL DE EMPREGO DE GALICIA.**

1. O sistema de admisión de candidatos será o de **oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego e será obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia polo prazo de 3 días naturais.**

2. Dita oferta, que será tramitada pola entidade promotora do proxecto de obradoiro na oficina de emprego correspondente por razón de domicilio.

3. Os parámetros da sondaxe serán:

a) **Ámbito xeográfico: Concellos do ámbito territorial das entidades participantes no proxecto**. De non atoparse candidatos suficientes ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, ata o ámbito da oficina de emprego, ou superior se fose necesario, e co criterio de maior proximidade aos concellos participantes.

b) Número de candidatos a remitir: **CINCO por posto, que deberán cumprir os requisitos establecidos na base cuarta. Debendo considerar un mínimo de tres candidatos por posto.**

4. A oficina de emprego convocará aos candidatos que resulten da dita sondaxe a realización do proceso selectivo, que se desenvolverá da seguinte maneira:

- No día da comunicación da sondaxe ao Concello de Rodeiro cos datos das persoas pre-seleccionadas, os candidatos serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles remitirá unha copia das presentes bases por correo electrónico.

- Os aspirantes disporán de <u>3 días hábiles</u>, a contar dende o día seguinte da dita comunicación, para presentar a seguinte documentación do xeito establecido na base oitava (no caso de se presentar na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AA.PP. o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo aedl@rodeiro.gal):

- Instancia oficial que acompaña a estas bases ***(Anexo II)***.
- DNI ou NIE.
- Acreditación dos requisitos esixidos para cada posto.
- Méritos alegados (*en sobre pechado*).

De optar pola presentación telemática **deberán separar en arquivo electrónico independente aqueles documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos para cada posto**, xa que estes non serán obxecto de valoración como méritos. No caso da experiencia profesional requirida, deben especificar os períodos alegados no apartado correspondente dos formularios de solicitude.

**Sexta.- PUBLICIDADE**

As bases reguladoras deste proceso selectivo, así como as listaxes de resultados

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

relativas ao mesmo serán publicadas na sede electrónica do Concello de Rodeiro e nos taboleiros da entidade promotora (e concellos asociados) e da oficina de emprego correspondente, dende o día da presentación da oferta e ata o peche do prazo de presentación de candidaturas.
A publicación en prensa da oferta será acordada pola comisión de selección soamente naqueles casos en que así o considere oportuno.

**Sétima.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**
O sistema de selección constará dunha **primeira (1ª) fase de entrevista persoal**, cos candidatos que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta e **dunha segunda (2ª) fase de valoración de méritos en base aos Baremos anexos a estas bases, establecidos para cada posto.** A non comparecencia á entrevista determinará a exclusión do proceso selectivo, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.
**A puntuación máxima do proceso será de 15,5 puntos**, tendo en conta o establecido no punto 12 das *Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 17.04.2026*, do seguinte xeito:

- Entrevista persoal: 35%, máximo 5,5 puntos.
- Valoración de méritos: 65%, máximo 10 puntos.

**Oitava.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**
Os candidatos resultantes da oferta de emprego que estean interesados nos postos de traballo deberán presentar a súa **solicitude**, segundo o modelo que acompaña a estas bases *(Anexo II)*, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos específicos de cada posto e a documentación necesaria para a valoración de méritos, no rexistro **xeral do Concello de Rodeiro,** **no prazo de tres días hábiles** **seguintes aos da data da comunicación da súa inclusión na listaxe de persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego para a presentación no Concello**. (no caso de se presentala na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AA.PP. o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo aedl@rodeiro.gal).

1.-**Acreditación de requisitos e méritos:**
A acreditación de requisitos e méritos axustarase ao establecido na base cuarta e nos *Anexos I* de cadansúa praza mediante documento orixinal ou copia auténtica.

a)-A **EXPERIENCIA PROFESIONAL** acreditarase:
- Traballo por conta allea: acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.
- Persoas traballadoras autónomas: mediante certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas ou contratos en que consten os servizos prestados. No caso no que non se poida acreditar a duración

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

ou tipo de servizo coa documentación achegada, deberá xuntar informe no que se especifique, en número de días o tempo empregado no seu desenvolvemento. Este informe deberá asinalo a empresa/particular ao que se lle prestou servizo ou a dirección facultativa dos mesmos, de ser o caso.
- Traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.
O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este haberá de ser a xornada completa.

b)-A **FORMACIÓN** acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inescusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade. Non serán valorados os cursos que teñan unha duración inferior a vinte horas.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

2. **Finalizado o prazo de presentación de solicitudes**, o grupo de selección valorará as solicitudes recibidas, comprobando que os candidatos cumpran os requisitos establecidos, e procederá **á declaración provisional dos admitidos e excluídos.**

**Esta declaración provisional de admitidos farase nunha sesión da comisión de selección.** Da sesión realizada estenderase a correspondente acta.
**A lista provisional dos admitidos e excluídos ao proceso de selección exporase no taboleiro (electrónico e físico) da sede do Concello de Rodeiro**, indicando lugar, data e hora que se concede para formular as alegacións (con carácter xeral, outorgarase o prazo de 1 día hábil seguinte á publicación do listado).
**De non haber candidatos excluídos na lista provisional, elevarase automaticamente a definitiva** a relación dos admitidos e publicarase a listaxe coa convocatoria á realización da seguinte fase.

3. Rematado o prazo de alegacións, a comisión de selección, noutra sesión, resolverá as alegacións formuladas e a relación definitiva de admitidos, **e convocará a estes para a realización da entrevista persoal.**

4. A relación definitiva de admitidos coa convocatoria a entrevista publicarase nos anteditos taboleiros, remitindo a título informativo unha comunicación ao correo electrónico indicados na instancia polas persoas candidatas.

**No caso de que non se acade un número mínimo de tres candidatos por posto para a fase de entrevista, o equipo de selección poderá solicitar unha ampliación da sondaxe*

*de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, co fin de acadar candidatos suficientes para realizar o proceso de selección.*

**Novena.- FASE DE ENTREVISTA PERSOAL.**
1. A entrevista persoal terá lugar cos aspirantes que continúen no proceso de selección co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan, así como sobre aspectos da traxectoria e experiencia profesional das persoas candidatas. **A non comparecencia determinará a exclusión do proceso selectivo, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.**
A entrevista persoal versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados co Programa de Obradoiros de Emprego, cos Programas de Emprego e Formación Ocupacional, etc.

2. Esta fase, que non será eliminatoria, valorarase de **0 ata 5,5 puntos.**

3. A entrevista persoal para a selección, do persoal directivo, docentes e persoal de apoio, terán lugar nas dependencias indicadas pola entidade promotora, debendo acudir os aspirantes provistos do DNI ou documento substitutivo.

4. **A puntuación** na fase de entrevista **publicarase nos taboleiros**, e figurará a data prevista de publicación das puntuacións provisionais da valoración de méritos.

**Décima.- BAREMOS**
Nos ***anexo I*** achéganse os baremos para a selección de cadanseu posto de traballo.

**Décimo primeira.- FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.**
1.-Finalizada a fase de entrevista persoal, **a comisión de selección valorará**, en base aos baremos de cadansúa praza**, os méritos alegados polos candidatos presentados a entrevista e que permanezan no proceso de selección.**

A puntuación máxima desta fase **será de 10 puntos**.

A declaración provisional das puntuacións farase nunha sesión da comisión de selección. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas aos méritos alegados. Esta relación provisional das puntuacións publicarase nos taboleiros da entidade promotora, con indicación do prazo que se concede para formular alegacións á valoración dos méritos (con carácter xeral, outorgarase o prazo de 1 día hábil seguinte á publicación do listado). O listado provisional converterase en definitivo de non haber alegacións, que se publicará do mesmo xeito.

2. Rematado o prazo de alegacións, a comisión de selección, noutra sesión, resolverá as alegacións formuladas e establecerá a relación definitiva das puntuacións.

CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Da sesión realizada estenderase **a correspondente acta na que, necesariamente, figurarán as puntuacións acadadas en cada fase, así como as puntuacións finais (suma dos puntos acadados en cada fase) dos candidatos que tiveren superado a totalidade do procedemento selectivo e que determinarán a orde de prelación dos aspirantes para a súa ulterior contratación pola entidade promotora**.

Os posibles empates nas puntuación dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base décimo terceira.

**Décimo segunda.- PUNTUACIÓN FINAL. CONTRATACIÓN.**
Unha vez elaborada a proposta **de persoal docente** a contratar para o proxecto, a entidade promotora deberá remitila ao correspondente departamento territorial da *Consellería de Emprego, Comercio e Emigración* que deberá **verificar que cumpran todos os requisitos** necesarios para participar no proxecto, xa que logo estas deben ser validadas polo persoal técnico da Xefatura Territorial (artigo 11º.6 da orde reguladora). Se algún dos propostos para os postos de persoal docente non cumprira os ditos requisitos segundo criterio da Xefatura Territorial, comunicarallo a entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. O proxecto non poderá dar comezo en tanto a xefatura non comprobe que todo o persoal docente reúne os ditos requisitos.

1. A entidade promotora estará obrigada a contratar os aspirantes que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto pola comisión de selección e validado a través do procedemento sinalado no parágrafo anterior.

2. As puntuacións finais e os nomes dos candidatos propostos para seren contratados pola entidade promotora e os dos integrantes da lista de reserva a que fai referencia a base decimo cuarta, publicaranse nos taboleiros de anuncios da entidade promotora.

Unha vez publicadas as puntuacións do proceso de selección, os candidatos con maior puntuación en cada praza deberán **nun prazo máximo de 1 día natural, contado a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo,** comunicar por escrito á entidade promotora a súa **aceptación ou renuncia á praza *(Anexo III)*. Se transcorrido devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, considerarase que se renuncia á mesma, que pasará a adxudicarse ao seguinte candidato con maior puntuación, tendo igualmente a obrigación de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza.**

**Décimo terceira.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.**
Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- O maior tempo acreditado como desempregado.
- Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola Consellería competente en

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org



materia de emprego da Xunta de Galicia.

- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade.

**Décimo cuarta.- LISTA DE RESERVA.**

1. A relación definitiva da puntuación dos aspirantes unha vez rematado o proceso selectivo, constituirá unha lista de reserva integrada polos candidatos que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produciren unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado e terá validez ata fin de proxecto.

De non haber candidatos suplentes dispoñibles, iniciarase un novo procedemento selectivo.

**Décimo quinta.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.**

Será a entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección.

**Décimo sexta.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.**

A Comisión encargada da selección estará integrada por cinco (5) membros, coa seguinte composición: Presidente/a, Secretario/a e 3 vogais.

A composición nominal dos membros da Comisión de Selección axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, aprobarase por acordo da Xunta de Goberno Local e será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Rodeiro e na páxina web municipal.

A Comisión de Selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultada para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso de selección, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do proceso selectivo en todo o que non estea previsto nas Bases.

A Comisión de Selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

XUNTA DE GALICIA · OBRADOIROS DE EMPREGO DE GALICIA · CONCELLO DE RODEIRO · MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL · SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL SEPE

## ANEXO I: Requisitos de admisión e Baremo de valoración de méritos

***Denominación do posto: Director/a***

**REQUISITOS MÍNIMOS:**
TITULACIÓN UNIVERSITARIA.
EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE 24 MESES, NOS ÚLTIMOS 15 ANOS, en dirección de programas mixtos/obradoiros de emprego, en tarefas de dirección ou xestión de empresa, equipos humanos e proxectos (excluíndo direccións técnicas e facultativas) e/ou Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (agás funcións de orientación e docencia).
Os requisitos de entrada non serán obxecto de valoración posterior.

**BAREMO:** *(soamente se valorarán as candidaturas que cumpran os requisitos mínimos)*

**1.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos. Máx. 2,00 puntos**

1.1 Cursos de 20 horas a 299 horas.................................... máximo 0,80
Cursos de 20 a 99 horas……………………..…….. 0,10 (cada un)
Cursos de 100 a 299 horas………………………….... 0,20

1.2 Cursos de 300 horas ou máis.................................... máximo 1,80
Cursos de 300 a 599 horas……………………………....0,40
Cursos a partir de 600 horas………………..………....0,60

1.3 Cursos en Prevención de Riscos. **Só se valorará o grao superior alegado**......................máximo 0,60
Básico xeral ........0,10; Medio ………...0,40; Superior………..0,60

1.4 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.................................... máximo 0,40
Cursos de 20 a 49 horas......0,10; Cursos de 50 a 99horas......0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40

**2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto, só nos últimos 15 anos. Máx. 7,65 puntos**

**Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados (**).** *Segundo criterios xerais establecidos nesta bases.*

2.1. Experiencia en Dirección de E.O/ C.O/ O.E. Por cada mes.......................................0,08...............máximo 7,65
2.2. Experiencia en Dirección en entidade pública ou privada. Por cada mes...................0,07...............máximo 6,00
2.3. Experiencia como Técnico de Emprego e desenvolvemento local. Por cada mes......0,07...............máximo 4,00

**3.-.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO*: Máx. 0,25 puntos**

3.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente........................................... 0,05
3.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente........................................... 0,10
3.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente ………………………….. 0,25
3.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.................................... 0,25
**Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística*

**4.- DESEMPREGO.** Non melloras de emprego........................................................................ **Máx. 0,10 puntos**
*Acreditarase co informe da oficina de emprego sobre a situación de desemprego do canditato/a.*

**NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO:**
- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia auténtica.
- Os cursos que non especifiquen ***o contido e número de horas*** non se contabilizarán.
- Os cursos con **contidos similares**, só se valorará o que séxalle máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.

(*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.
(**) Terá que quedar debidamente acreditada a dirección dun equipo humano, de características similares a estes proxectos.

CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

XUNTA DE GALICIA · OBRADOIROS DE EMPREGO DE GALICIA · CONCELLO DE RODEIRO · MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL · SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL SEPE

# ANEXO I: Requisitos de admisión e Baremo de valoración de méritos

***Denominación do posto: Titor/a***

**REQUISITOS MÍNIMOS:**
TITULACIÓN UNIVERSITARIA.
EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE 24 MESES, NOS ÚLTIMOS 15 ANOS, en titoría de programas mixtos de emprego e formación/obradoiros de emprego, ou experiencia con adultos áreas de formación/emprego relacionadas co posto.
COMPETENCIA DOCENTE: ***Certificado de Profesionalidade*** *"Habilitación para a Docencia en graos A,B,C do Sistema de Formación Profesional" (SSCE0110), (RD 659/2023 e RD 658/2024).* **Ou 6 meses de experiencia laboral en Titoría de Obradoiros.**

Os requisitos de entrada non serán obxecto de valoración posterior.

**BAREMO:** *(soamente se valorarán as candidaturas que cumpran os requisitos mínimos)*

**1.- TITULACIÓNS ACADÉMICAS:** **Máx. 0,75 puntos**
1.1 Lcdo. en Pedagoxía ou Psicopedagoxía (ou equivalente)............................................................0,75
1.2 Lcdo. en Psicoloxía (ou equivalente).............................................................................................0,50

**2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos.** **Máx. 1,50 puntos**
2.1 Cursos de 20 horas a 299 horas............................................................................................ máximo 1,00
Cursos de 20 a 99 horas………………………..…….. 0,10 (cada un)
Cursos de 100 a 299 horas………………………….... 0,20
Cursos de 300 a 599 horas…………………………... 0,40
Cursos a partir de 600 horas……..………..………….. 0,60

2.2 Cursos en Prevención de Riscos. **Só se valorará o grao superior alegado**......…....................máximo 0,60
Básico xeral ........0,10; Medio ………...0,40; Superior………..0,60

2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario........................................................... máximo 0,40
Cursos de 20 a 49 horas......0,10; Cursos de 50 a 99horas......0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40

**3.- FORMACIÓN PEDAGÓXICA** **Máx. 0,50 puntos**

| | |
|---|---|
| 3.1 Certificado profesional de habilitación para a docencia | 0,40 |
| 3.2 CAP ou equivalente | 0,25 |
| 3.3 Máster en profesorado | 0,50 |

**4.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto, só nos últimos 15 anos.** **Máx. 6,90 puntos**

**Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.** *Segundo criterios xerais establecidos nesta bases.*

4.1. Experiencia en tarefas de titoría de E.O/ C.O/ O.E. (por cada mes)..........................0,08.............. máximo 6,90
4.2. Experiencia con adultos en áreas de formación e/ou emprego relacionada co posto. (mes)...0,07.. máximo 5,00

**5.-.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO*:** **Máx. 0,25 puntos**
5.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente.......................................... 0,05
5.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente.......................................... 0,10
5.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente ………………………….. 0,25
5.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.................................... 0,25
**Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística*

**6.- DESEMPREGO.** Non melloras de emprego.......................................................................... **Máx. 0,10 puntos**
*Acreditarase co informe da oficina de emprego sobre a situación de desemprego do canditato/a.*

**NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO:**
- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia auténtica.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org



- Os cursos que non especifiquen ***o contido e número de horas*** non se contabilizarán.
- Os cursos con **contidos similares**, só se valorará o que séxalle máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.

(*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

XUNTA DE GALICIA — OBRADOIROS DE EMPREGO DE GALICIA — CONCELLO DE RODEIRO — MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL — SEPE

## ANEXO I: Requisitos de admisión e Baremo de valoración de méritos

***Denominación do posto: Docente***

**REQUISITOS MÍNIMOS (artigo 168 do RD 659/2023):**
TITULACIÓN E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL na especialidade, mínimo oficial de 1ª, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro.
COMPETENCIA DOCENTE: ***Certificado de Profesionalidade*** *"Habilitación para a Docencia en graos A,B,C do Sistema de Formación Profesional" (SSCE0110), (RD 659/2023 e RD 658/2024)*. Estarán **exentos** deste certificado:

a) Quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións universitarias oficiais de grao: Pedagoxía, Psicopedagoxía ou de Mestre en calquera das súas especialidades, ou título universitario oficial de postgrao nos citados ámbitos, así como as licenciaturas e diplomaturas en ditos ámbitos.
b) Título de Especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.
c) Acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

1 EXPERTO/A DOCENTE da Especialidade **FORESTAL**.
As persoas candidatas deberán cumprir os requisitos esixidos para o persoal docente nos dous certificados a impartir: *Actividades auxiliares en conservación e mellor de montes (AGAR0309) e Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas (AGAR0208).*
**Requírese 1 ano de experiencia profesional nas competencias a impartir (cunha categoría mínima de oficial de 1ª) se ten algunha das titulacións requiridas ou 4 anos se non conta con dita titulación.**
TITULACION REQUIRIDA: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización en recursos naturais e paisaxísticos e certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional agraria e da área forestal. Ou outras titulacións universitarias directamente relacionada coa especialidade e técnico superior da familia profesional agraria.
Os requisitos de entrada non serán obxecto de valoración posterior.
Baremaranse, unicamente, as candidaturas que reúnan os requisitos mínimos.

**BAREMO:**
**1.- TITULACIÓNS ACADÉMICAS:** **Máx. 1,50 puntos**
1.1 Titulación universitaria distinta da requirida relacionada coas funcións a desenvolver................1,50
1.2 Outra formación regrada distinta da requirida relacionada coas funcións a desenvolver..............1,00

**2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos.** **Máx. 1,50 puntos**
2.1 Cursos de 20 horas a 299 horas.......................................................................................... máximo 1,00
Cursos de 20 a 99 horas…………………..…….. 0,10 (cada un)
Cursos de 100 a 299 horas………………………..... 0,20
Cursos de 300 a 599 horas…………………………... 0,40
Cursos a partir de 600 horas……………….……….. 0,60
2.2 Cursos en Prevención de Riscos. **Só se valorará o grao superior alegado**.......................máximo 0,60
Básico xeral ........0,10; Medio ………...0,40; Superior………..0,60
2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.......................................................... máximo 0,40
Cursos de 20 a 49 horas......0,10; Cursos de 50 a 99horas......0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40

**3.- EXPERIENCIA LABORAL NA ESPECIALIDADE.** **Máx. 6,65 puntos**

**Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.** *Segundo criterios xerais establecidos nesta bases.*

3.1. Experiencia docente en E.O/ C.O/ O.E. na especialidade (por cada mes)..................0,08............... máximo 6,65
3.2. Experiencia docente na especialidade en formación ocupacional/regrada.................0,07................ máximo 5,00
3.3. Experiencia profesional.................................................................................................0,07................ máximo 4,00

**4.-.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO*:** **Máx. 0,25 puntos**
4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente.......................................... 0,05

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org



4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente.......................................... 0,10
4.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente ………………………….. 0,25
4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo..................................... 0,25
**Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística*

**5.- <u>DESEMPREGO</u>.** Non melloras de emprego.......................................................................... **Máx. 0,10 puntos**
*Acreditarase co informe da oficina de emprego sobre a situación de desemprego do canditato/a.*

<u>1 EXPERTO/A DOCENTE</u> da Especialidade **ALBANELERÍA.**
As persoas candidatas deberán cumprir os requisitos esixidos para o persoal docente nos dous certificados a impartir: *Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (EOCB0109) e Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas (EOCB0208).*
**Requírese 1 ano de experiencia profesional nas competencias a impartir (cunha categoría mínima de oficial de 1ª) se ten algunha das titulacións requiridas ou 4 anos se non conta con dita titulación.**
<u>TITULACION REQUIRIDA</u>: titulación universitaria directamente relacionada coa especialidade (licenciado, enxeñeiro, arquitecto), técnico superior da familia profesional de edificación e obra civil, ou certificado de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de albanelería e acabados familia profesional de edificación e obra civil.
Os requisitos de entrada non serán obxecto de valoración posterior.
Baremaranse, unicamente, as candidaturas que reúnan os requisitos mínimos.

**<u>BAREMO:</u>**
**1.- TITULACIÓNS ACADÉMICAS:** **Máx. 1,50 puntos**
1.1 Titulación universitaria distinta da requirida relacionada coas funcións a desenvolver...............1,00
1.2 Outra formación regrada distinta da requirida relacionada coas funcións a desenvolver.............0,75
1.3 Técnico superior da familia profesional de industrias extractivas................................................0,65
1.4 Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de pedra natural ........................0,65

**2.- <u>FORMACIÓN COMPLEMENTARIA</u>. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos.** **Máx. 1,50 puntos**
2.1 Cursos de 20 horas a 299 horas........................................................................................................ máximo 1,00
Cursos de 20 a 99 horas……………………..…….. 0,10 (cada un)
Cursos de 100 a 299 horas……………………….….... 0,20
Cursos de 300 a 599 horas…………………………... 0,40
Cursos a partir de 600 horas………………..………. 0,60
2.2 Cursos en Prevención de Riscos. **Só se valorará o grao superior alegado**.....….......................máximo 0,60
Básico xeral ........0,10; Medio ………...0,40; Superior………..0,60
2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario............................................................. máximo 0,40
Cursos de 20 a 49 horas......0,10; Cursos de 50 a 99horas......0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40

**3.- <u>EXPERIENCIA LABORAL NA ESPECIALIDADE.</u>** **Máx. 6,65 puntos**

